



CERTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Alejandro R. Antelo Martínez, Secretario Xeral deste Concello de NEDA.-

CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno deste concello na súa sesión levada a cabo o día 09/03/2026, co quorum regulamentario, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.único) Aprobación das bases reguladoras do procedemento selectivo para a contratación de 4 albaneis ao abeiro do Programa PEL-Concellos 2026, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL) – Expdte. TEDeC 2025/A008/000026.-

Dáse conta de que este órgano municipal, en sesión celebrada o día 10/11/2025, acordou adherirse a dito programa, no que figura este Concello cunha asignación de 40.000,00 € e aprobou a memoria descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do mesmo, na que se contempla a realización de obras de reparación nas vías e nos parques e espazos públicos, considerándose que para a execución das mesmas sería necesaria a contratación de 4 Albaneis, a tempo parcial, 87,50 % da xornada, por un período de 6 meses.

O mesmo órgano municipal, en sesión celebrada o día 02/03/2026, coñeceu da Resolución número 2026/7246, do 23 de febreiro, ditada pola Presidencia da Deputación da Coruña e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº. 38, do día 26/02/2026, pola que se aproba a concesión definitiva destas subvencións, e ordenou a elaboración das bases reguladoras do procedemento de selección.

Na base específica 3.3 das reguladoras deste programa, establécese que concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contratacións na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolle o código 505 cando sexa a tempo parcial. Coñece seguidamente a Xunta de Goberno das bases reguladoras confeccionadas para a selección do persoal que participará neste programa.

Unha vez revisadas ditas bases, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras do procedemento de selección de 4 Albaneis, en situación de desemprego, por un período de 6 meses, ao abeiro do programa subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña, que se unen como anexo a este acordo.

2º.- Publicar a convocatoria das referidas prazas mediante anuncio no BOP e na web do Concello na que igualmente publicaranse as bases reguladoras do procedemento de selección.

Anexo Bases Reguladoras:

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE 4 ALBANEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TEMPORAL PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1ª.- Introducción.

No BOP da Coruña, nº. 197, do día 15/10/2025, publicáronse as bases reguladoras do Programa PEL-Concellos 2026, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL-CONCELLOS) da Deputación Provincial da Coruña, figurando esta entidade local de Neda cunha asignación máxima de 40.000,00 €.

Dito programa ten como obxecto o fomento do emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

a) En todos os municipios: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.



b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.

c) (...) A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

d) Protección da salubridade pública.

Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

No anexo I das referidas bases, aparece incluído este Concello de Neda cunha achega de 40.000,00 €, que se destinará a financiar os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes aos cursos de formación en materia de riscos laborais que deban realizar as persoas contratadas.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 10/11/2025, coñeceu da documentación confeccionada e aprobou a memoria descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa, na que se contempla a execución de obras de reparación nas vías e nos espazos públicos.

Para o desenvolvemento das actuacións incluídas na memoria, considerouse necesaria a contratación de 4 Albaneis, a tempo parcial, 87,50 % da xornada, por un período de 6 meses.

No BOP da Coruña nº. 38, do 26/02/2026, publícase a Resolución número 2026/7246, do 23 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS 2026) na que se outorga definitivamente a este Concello o importe de 40.000,00 €, no expediente 2025000044098.

2ª.- Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal a tempo parcial, 87,50 % da xornada, por un período de 6 meses, de 4 profesionais Albaneis que en situación de desemprego, inscritos como demandantes na oficina de emprego, e que se atopen nalgunha das situacións de exclusión das que se recollen na base 4.b) deste documento, para a realización das actuacións incluídas no Programa PEL-Concellos 2026 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL) da Deputación Provincial da Coruña.

Consonte coa memoria descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10/11/2025, na que se inclúe a execución das obras de reparación nas vías e nos espazos públicos, comprendendo, entre outras, a realización das seguintes tarefas:

- Nas vías públicas actuarase realizando tarefas de reparación e mantemento do seu pavimento, especialmente nas beirarrúas e beiravías, executando traballos de reposición e substitución dos materiais deteriorados, actuando igualmente na eliminación de barreiras arquitectónicas, mediante o traslado de sinais, mobiliario urbano e demais elementos que limiten ou impidan o acceso, incluso a reparación de sumidoiros, pintado e repintado de sinalización horizontal.
- Do mesmo xeito actuarase nos distintos espazos públicos a fin de garantir a adecuada accesibilidade dos mesmos.

3ª.- Relación de traballo, duración e retribucións.

3.a).- Relación de traballo.-

As contratacións que se realicen nesta convocatoria de PEL-CONCELLOS, efectuaranse na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 505, neste caso, xa que é a tempo parcial.

3.b).- Duración.-

A relación de traballo terá unha duración de 5 meses.

3.c).- Retribucións.-

As retribucións mensuais a percibir por cada un dos traballadores serán as que se indican no seguinte cadro:

| Grupo Cot. SS | Salario bruto | P.P. pagas extras | Salario bruto mensual incluída PPPE |
|---------------|---------------|-------------------|-------------------------------------|
| 8 | 1.078,00 € | 179,67 € | 1.257,67 € |

4ª.- Requisitos xerais e específicos das persoas aspirantes.

4.a) Requisitos xerais.- Serán requisitos xerais mínimos dos aspirantes a estas contratacións os seguintes:

- 1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- 3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4.- Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- 5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidades, de conformidade có disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- 6.- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.
- 7.- Ter a categoría profesional necesaria para os postos a cubrir.



Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

4.b) Requisitos específicos.- Ademais dos requisitos xerais mínimos esixidos, indicados no parágrafo inmediato anterior, consonte co previsto na Base 3.2 do Programa PEL-Concellos 2026 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL) da Deputación Provincial da Coruña; as persoas a contratar deberán atoparse en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e necesariamente incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral que se acreditará coa documentación que igualmente se indica:

| Situación de exclusión | Documentación a achegar |
|--|---|
| Mulleres | Fotocopia do DNI |
| Maiores de 45 anos | |
| Menores de 30 anos | |
| Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 1 ano inscritas como demandantes de emprego) | Informe de Vida Laboral actualizado |
| Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente reconecido | Certificado de minusvalía, expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria |
| Persoas en situación de drogodependencia | Informe dos servizos sociais municipais |
| Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego | |
| Persoas con fogar monoparental | |
| Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais | |
| Persoas vítimas de violencia de xénero | |
| Persoas sen fogar | |

5ª.- Presentación de solicitudes.

Quen desexe participar no proceso selectivo deberá presentar instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Neda, solicitando tomar parte na convocatoria, segundo o modelo normalizado que se une ás presentes bases e que estará a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais e na paxina web do Concello de Neda (<https://neda.gal/>).

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP da Coruña e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, a través da sede electrónica do mesmo <https://sede.neda.gal> e nos lugares e na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á instancia unirase, necesariamente:

- Copia do DNI.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo).
- Xustificación documental na que quede debidamente acreditado o cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos na base 4ª anterior.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes confeccionarase a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, se publicará no taboleiro de anuncios do concello sen prexuízo, no seu caso, da súa difusión por outros medios, como a páxina web do mesmo, outorgándose ás persoas interesadas un prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión.

Aquelas persoas que, dentro do citado prazo, non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

De presentarse reclamacións as resolverá a Xunta de Goberno Local que aprobará e ordenara a publicación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, indicándose nesa publicación o lugar, data e hora de comezo das probas de selección.

Dito anuncio e os restantes derivados deste proceso de selección publicaranse no taboleiro de edictos da Casa do Concello, sen prexuízo, no seu caso, da súa difusión por outros medios, como a páxina web do Concello.

No caso de que non se presente a solicitude presencialmente, ou ben na sede electrónica do Concello ou nos rexistros electrónicos interoperables, as persoas interesadas remitirán unha copia da instancia ao enderezo electrónico correo@neda.gal, dentro das vinte e catro horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude.



6ª.- Procedemento de selección.

As persoas admitidas serán convocadas polo Concello para que comparezan ante o órgano seleccionador. Aos efectos de determinación das circunstancias de cada unha das persoas que sexan convocadas o órgano seleccionador manterá unha entrevista individual con cada unha delas e aplicará o baremo previsto na base seguinte. Soamente avaliaranse aquelas situacións que, a xuízo do órgano seleccionador, queden debidamente acreditadas. Na entrevista formularanse ata un máximo de 5 preguntas que se valorarán cun máximo de 1 punto por cada resposta correcta e que versarán sobre as funcións correspondentes aos postos de traballo a ocupar, maquinaria, materiais e ferramentas utilizados na profesión, así como sobre o coñecemento do Concello de Neda: parroquias, toponimia, rúas, vías de comunicación, edificios públicos e lugares de interese. Non obstante o órgano de selección poderá establecer o desenvolvemento de proba ou probas prácticas específicas sobre as funcións correspondentes aos postos de traballo a ocupar. De establecerse tal ou tales probas, estas terán carácter de obrigatorias e eliminatorias para tódalas persoas aspirantes, avaliarase cada una de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superala.

7ª.- Valoracións.

Experiencia profesional (Ata un máximo de 2 puntos)

Por cada mes traballado na Administración pública ou empresa privada a xornada completa, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,1 puntos por mes, ata un máximo de 2 puntos.

A experiencia laboral para ser valorada deberá estar debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo e indicará, de xeito claro, o seu inicio e terminación así como a categoría profesional pola que fora contratado, non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Acompañarase necesariamente do informe de vida laboral. A falla dalgún destes documentos (o/s contrato/s, mais informe da vida laboral), determinará a non valoración da experiencia alegada.

No caso de que a relación de traballo fose cunha Administración Pública, a experiencia acreditarase mediante certificación, da Administración correspondente, na que figurará, cando menos, a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do corpo, escala, categoría profesional ou equivalente e o período no que se prestaron.

Formación (Ata un máximo de 2 puntos)

1.- Valorase de 1 a 2 puntos, tendo en conta o número de horas e o contido do propio programa en relación ás tarefas a desenvolver no posto ofertado, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.

2.- Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo a desenvolver, realizado por calquera organismo oficialmente homologado:

Cursos de máis de 300 horas: 1,5 puntos

Cursos entre 100 e 299 horas: 0,70 puntos.

Cursos entre 50 e 99 horas: 0,35 puntos.

Cursos entre 20 e 49 horas: 0,15 puntos.

Cursos de 10 a 19 horas: 0,05 puntos.

Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 10 horas descartarase da puntuación. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado de formación é de 2 puntos.

A formación alegada acreditarase mediante orixinal ou fotocopia dos títulos ou certificados nos que conste o número de horas de duración.

Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados ou debidamente homologados.

Permiso de condución.-

Valorase cun punto de estar en posesión do permiso de condución clase B.

Acreditarase mediante fotocopia compulsada.

Circunstancias socioeconómicas:

Teranse en conta as seguintes circunstancias que serán valoradas ata un máximo de 4 puntos:

-Presenza de menores.

-Insuficiencia de ingresos familiares (menos de 300,00 €/mes de *renda per cápita*)

-Desemprego das persoas que forman a unidade familiar.

-Situación de paro de longa duración (máis de 12 meses) ou con empregos precarios.

-Situación de especial risco de exclusión.

-Presenza de persoas con discapacidade, oficialmente recoñecida mediante certificación da Comunidade Autónoma.

-Vítimas de violencia de xénero acreditada.

As persoas aspirantes que non figuren empadroadas no Concello de Neda presentaran necesariamente informe dos servizos sociais dos seus respectivos concellos, nos que se reflectiran os referidos indicadores. Do mesmo xeito presentarán tal informe as persoas empadroadas neste Concello cando non teñan aberto expediente nos Servizos Sociais deste municipio. De non presentarse dito informe non se valorarán estas circunstancias.



8ª.- Órgano seleccionador.

Para a selección do persoal que participará neste programa constituirase un órgano de selección actuando tódolos seus compoñentes con voz e voto. Estará integrado polas seguintes persoas, podendo ser substituídas nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, por calquera outro funcionario ou persoal laboral fixo do cadro de persoal do concello:

Presidente: Alejandro R. Antelo Martínez.

Secretario: Santiago C. Baamonde Leal.

Vogais: Sonia Lorenzo Barbeito.

María de los Ángeles Dobarro Calvo.

Manuela León González.

Samuel Martínez González.

Para a válida actuación do órgano de selección será precisa a presenza da maioría dos seus membros. O Tribunal está facultado para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.

O Órgano seleccionador poderá nomear asesores especialistas na materia.

Aboaranse ás persoas integrantes do órgano seleccionador e no seu caso aos asesores designados polo mesmo, as asistencias efectivas ás sesións de avaliación ou probas específicas do indicado órgano, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de nomeamento de asesores estes terán a equiparación de vocais aos efectos da percepción das correspondentes asistencia.

9ª.- Remate do proceso selectivo e proposta de candidatos/as.

Rematada a selección publicarase no taboleiro de anuncios do Concello unha lista por orde decrecente das puntuacións acadadas polas persoas participantes no proceso, podendo as persoas interesadas formular as alegacións que estimen oportunas no prazo máximo de dous días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación.

De presentarse alegacións, serán resoltas polo órgano de selección, publicándose a lista definitiva, ordenada de maior a menor puntuación, noutro caso quedará elevada a definitiva a lista provisional.

O Tribunal formulará proposta de selección a favor das persoas que acadasen as maiores puntuacións.

O resto dos candidatos que tiveran superado o proceso selectivo formarán parte dunha lista ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de posibles substitucións ou renuncias das persoas propostas ou, no seu caso, contratadas para este programa, sendo chamadas, nese caso, aquelas que acadasen as maiores puntuacións, sempre e cando reúnan nese momento os requisitos esixidos nestas bases.

No caso de empate entre os candidatos presentados seguirase a seguinte orde de preferencia:

1º.- Maior puntuación no apartado de "Circunstancias socioeconómicas".

2º.- Maior puntuación no apartado de "Experiencia profesional".

De persistir o empate, decidirse por sorteo.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegarán a seguinte documentación:

a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

b) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa contratación.

c) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

10ª.- Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, do/s que é responsable é o Concello de Neda, con sede na Avda. de Algeciras, nº. 34.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir os postos ós que se refiren as presentes bases, dentro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña e polo prazo de duración previsto en 5 meses dende a contratación.

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución.

Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.

11ª.- Impugnación.



As presentes bases, así como cantas actas administrativas se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.
O ALCALDE,

ANEXO I ÁS BASES REGULADORAS PARA

SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

D/ª. _____, con D.N.I. nº. _____ domicilio para notificacións en rúa/lugar _____, n.º _____, piso _____, C.P. _____. Concello _____ Provincia _____, Tlfno/s. _____, email _____.

Tendo coñecemento da convocatoria realizada polo Concello de Neda, para cubrir 4 prazas de Albanel, por un período de 6 meses, de acordo ás bases reguladoras, que declara coñecer e aceptar.

SOLICITA: a súa admisión ao proceso de selección convocado para tal fin.

A tal efecto acompaña a documentación esixida nas Bases reguladoras e comprométese a achegar os documentos acreditativos necesarios no suposto de resultar seleccionado.

Acompaña á presente (marcar cunha X):

- Copia do DNI.
- Tarxeta de demandante de emprego.
- Documentación acreditativa esixida na base 7ª das reguladoras deste proceso selectivo, para a valoración das circunstancias alegadas.

Declara atoparse incluído/a no/s seguinte/s apartados da base 3.2 das reguladoras da convocatoria, achegando coa presente a documentación acreditativa (marcar cunha X):

| Situación de exclusión | Documentación a achegar |
|--|--|
| Mulleres | Fotocopia do DNI |
| Maiores de 45 anos | |
| Menores de 30 anos | |
| Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 1 ano inscritas como demandantes de emprego) | Informe de Vida Laboral actualizado |
| Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido | Certificado de minusvalía, expedido pola administración competente, vixente na data de publicación da convocatoria |
| Persoas en situación de drogodependencia | Informe dos servizos sociais municipais |
| Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego | |
| Persoas con fogar monoparental | |
| Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais | |
| Persoas vítimas de violencia de xénero | |
| Persoas sen fogar | |

Coa sinatura da presente solicitude DECLARA RESPONSABLEMENTE que cumpre cos requisitos desta convocatoria e manifesta o seu consentimento para a utilización dos datos persoais recollidos na mesma, para as finalidades indicadas na CLÁUSULA INFORMATIVA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL que figura no reverso, que expresamente declara coñecer e aceptar.



En _____ a _____, de _____ do 2026.

Sr. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEDA.

CLÁUSULA INFORMATIVA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento: CONCELLO DE NEDA.
CIF: P1505600E
Domicilio: Avda. de Algeciras, nº. 34 – 15510 Neda (A Coruña).
Email: correo@neda.es

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento do que é titular o CONCELLO DE NEDA, coa finalidade de selección e contratación laboral temporal de persoas dentro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña e polo prazo de duración previsto en 5 meses dende a contratación.

Informáselle igualmente do seguinte:

- Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.
- Que en tanto non comunique o contrario, entenderase que os seus datos non foron modificados e que vostede se compromete á notificación de calquera variación.
- Que se procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada.
- Que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á escrita á Alcaldía do Concello de Neda, ben presencialmente nas oficinas municipais, sitas na Avda. de Algeciras, nº. 34 – 15510 Neda (A Coruña), ou a través da sede electrónica <https://sede.neda.gal>, acompañando unha fotocopia do DNI.
- Que poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.
- Que terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
- Que a información dos tratamentos que consentiu coa a sinatura do formulario que figura no anverso, poderá modificala sempre que queira mediante comunicación dirixida ó responsable do tratamento a calquera das direccións antes indicadas.

A información dos tratamentos que consentiu coa a sinatura do formulario que figura no anverso, poderá modificala sempre que queira mediante comunicación dirixida ao responsable do tratamento a calquera das direccións antes indicadas.

E para que conste aos efectos pertinentes, e coas reservas que establece o artigo 206 do R.D. 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o R. de O.F. e R.X. das corporacións locais, expido e firmo a presente co visto e prace da Presidencia na Vila de Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

V. e pr.
O ALCALDE,